

## Ortografía práctica 5.º EP

### REGRAS DE ACENTUACIÓN

#### 1. A sílaba

1. **Monosílabas:** pé, mel, ton. **Bisílabas:** pe-ra, mo-ble, pen-ca. **Trisílabas:** es-to-xo, rui-do-so, pas-pa-llás, mo-chi-la. **Polisílabas:** tar-ta-ru-ga, es-tor-ni-ño.
2. Palabras intrusas: gato, porque é bisílaba e o resto son monosílabas. Paxaro, porque é trisílaba e o resto son bisílabas. Pandeireta, porque é polisílaba e o resto son trisílabas; Cartafol, porque é trisílaba e o resto son polisílabas.
3. Crocodilo: cro-codilo, croco-dilo, crocodi-lo. Desenvolver: des-envolver, desen-volver, desenvol-ver. Ecolóxico: eco-lóxico, ecoló-xico, ecolóxi-co. Cegoña: ce-goña, cego-ña. Doméstico: do-méstico, domés-tico, domésti-co. Natural: na-tural, natu-ral. Carantoña: carantoña, caran-toña, caranto-ña. Avéspora: avés-pora, avés-po-ra.
4. Perdón: aguda. Espantallo: grave. Cantil: aguda. Mércores: esdrúxula. Maracas: grave. Rápida: esdrúxula.
5. *Resposta tipo:* **Palabras bisílabas graves:** cama, teito, barca, cónsul. **Palabras trisílabas graves:** parede, botella, cadeira, abrigo. **Palabras polisílabas agudas:** localización, urbanización, barcelonés, millonésima. **Palabras polisílabas esdrúxulas:** bolígrafo, fotográfico, polisílaba, undécimo.

#### 2. As regras xerais de acentuación

1. **Con acento gráfico:** inglés, puré, cirurxiá, mañá, xamón, tamén. **Sen acento gráfico:** muller, xadrez, vapor, chamei, farol, valor, adeus, papeis, xabaril.
2. Inglés, bailarín, león, vigués, ladrón, avó.
3. Animais, caracois, bocois, xerseis, funís, convois, barrís, curmáns.
4. Chás, fe, bois, dá.
5. Mazá, perexil, melón, noz.
6. Túnel, dedos, cráter, móbil.
7. Monitores, dobreces, cangueses, iogures.
8. a) Fósil. b) Lapis. c) Peito. d) Áxil. *Fósil* e *áxil* levan acento gráfico porque son palabras graves que non rematan en vogal, en -n nin en -s.
9. **Cobra/réptil:** A cobra é un tipo de réptil. **Campo/fértil:** A terra dese campo é moi fértil: dá moi boas colleitas. **Cristal/fráxil:** Ten coidado con esas copas, son dun cristal moi fráxil. **Tecido/téxtil:** A miña nai traballa no sector téxtil, por iso sabe que ese tecido é dos mellores que hai.
10. Téc-ni-ca, có-ba-do, a-ná-li-se, vés-pe-ra, sá-ba-do.
11. Ár-bo-re. Mú-si-ca.
12. Entregaránolo, déronllelos, afiarémosvolos, coméronos, chamaravos, collerémosvolos, entregaránllela, coméralo.

13. Gustaríame falar inglés correctamente. Actualmente, podemos estar todo o día informados. Afortunadamente, chegamos a tempo e non perdemos o tren. Nadar a bolboreta é difícil tecnicamente.

14. **Agudas:** xabón, mañá, serán, estación, atopar. **Graves:** alfinete, difícil, facilmente. **Esdrúxulas:** brétema, espectáculo.

15. **Parque/parqué:** Terreo con plantas e árbores que serve como lugar de recreo/Piso de madeira. **Animo/ánimo:** Primeira persoa do singular do presente de indicativo do verbo *animar*/Enerxía que fai que unha persoa teña gana de facer cousas. **Lucido/lucido:** Que destaca ou chama a atención por estar ben feito ou ben acabado, pr ter cores luminosas e limpas, etc./Que ten todas as súas facultades mentais e que, polo tanto, é capaz de pensar normalmente. **Soán/soan:** Vento do sueste/Terceira persoa do plural do presente de indicativo do verbo *soar*.

**Oracións:** Todas as tardes vou xogar ao **parque**/O chan da nosa casa é de **parqué**. Sempre **animo** o meu irmán cando xoga os seus partidos de baloncesto. Estou moi cansa, non teño **ánimo** para acompañarte/Para a festa do cole puxo un vestido ben **lucido**. O meu avó ten oitenta anos pero está moi **lucido**/Hoxe sopra o **soán**. Esas guitarras **soan** moi ben.

16. Horizontais: delfín, gorila, búfalo, xirafa, mandril. Verticais: píntega, pomba.

**Delfín:** leva acento gráfico porque é aguda rematada en *-n*. **Gorila:** non leva acento gráfico porque é grave rematada en vogal. **Búfalo:** leva acento gráfico porque é esdrúxula. **Xirafa:** non leva acento gráfico porque é grave rematada en vogal. **Mandril:** non leva acento gráfico porque é aguda e non remata nin en vogal, nin en *-n* nin en *-s*. **Píntega:** leva acento gráfico porque é esdrúxula. **Pomba:** non leva acento gráfico porque é grave rematada en vogal.

17. **Agudas:** alí, aquí. **Graves:** Lía, doa. **Esdrúxulas:** líquido, cálido.

18.

Agudas		Graves		Esdrúxulas
Sen acento gráfico	Con acento gráfico	Sen acento gráfico	Con acento gráfico	
calor	avión	tapa	fémur	médico
andel	xaponés	peso	mísil	penúltimo
coliflor	canción	meta	réptil	cántico
	entremés	camiño	túnel	máscara
		latexo		

19. **Simpático:** simpatía, simpatizar. **Hábitat:** habitante, habitar. **Cálido:** caloroso, acalorar.

20. **Rixido:** leva acento gráfico porque é esdrúxula. **Impoñía:** leva acento gráfico porque os hiatos formados por *i* ou *u* sempre levan acento gráfico. **Rápida:** leva acento gráfico porque é esdrúxula. **Situación:** leva acento gráfico porque é aguda rematada en *-n*. **Británica:** leva acento gráfico porque é esdrúxula.

21. *Resposta tipo:*

Lugo, 3 de outubro

Querida irmá:

Como che vai todo? Por aquí está todo moi ben. Papá e mamá están contentísimos porque xa repararon o coche. Déronnolo hai catro días e deixáronnolo perfecto. O sábado saímos a dar un paseo para probalo. Fomos comer ao campo, e papá preparou ese pastel que nos gusta tanto! Á volta viñemos pola autoestrada e pasamos polo túnel novo que fixeron: é enorme!

Teño tantas ganas de que veñas para contarche tantas cousas!

Un bico moi forte,

Carme

### 3. A acentuación de ditongos e hiatos

1. A-co-tí-o, a-de-mais, pa-se-ar, cam-biei, per-do-ar, can-cións, ca-mión, co-e-llo.

**Con ditongo:** ademais, cambiei, cancións, camián. **Con hiato:** acotío, pasear, perdoar, coello.

2. Científicos, prestixiosa, cirurxiá, deseñou, artificiais, moitos, pacientes, biólogos, farmacéuticos, doutora, agradeceu, colaboración, científico.

3. Canción, coiro, partiu, acuario, inquieto, causa.

4. *Resposta tipo:*

	a	e	o
i	branquias	fiestra	biografía
u	puntual	frecuente	asiduo

5. *Resposta tipo:* Os peixes respiran a través das branquias. Dende a fiestra do meu cuarto vese toda a montaña. Lin a biografía do autor na lapela do libro. Non me gusta que a xente teña que agardar por min, son moi puntual. É frecuente que nos atopemos pola rúa. É un cliente asiduo dese salón de peiteado.

6. **Atención:** formación; contén ditongo. **Fío:** tío; contén hiato. **Raúl:** baúl; contén hiato. **Froita:** troita; contén ditongo. **Saía:** caía; contén hiato.

7. a) Feira: aberta + cerrada. Máis: aberta + cerrada. b) Hai: aberta + cerrada. Entroido: aberta + cerrada. Lúa: cerrada + aberta. Pascua: cerrada + aberta. c) Febreiro: aberta + cerrada. Peor: aberta + aberta.

8. Roseira, acción, farmacéutica, antibiótico, cousa, despois, pouco, chamei.

9. **Agudas:** acción, despois, chamei. **Graves:** roseira, cousa, pouco. **Esdrúxulas:** farmacéutica, antibiótico.

10. Raíña. Raíz. Río. Ruído.

11. **Aí:** aínda, baía. **Úa:** acentúa, rúa. **Eó:** peón, acordeón. **Aé:** aéreo, gaélico.

12. **Seria/sería:** A nosa profesora é moi seria. Sería mellor que viñeses ti. **Saia/saía:** Encántame a saia que levas. Cando saía da casa chamoume por teléfono. **Varias/varías:** Teño varias pinturas de cores. Sempre varias as comidas. **Leria/lería:** O meu pai e a miña tía lévanse moi ben, sempre están de leria. Lería máis se tivese máis tempo libre. **Alias/alías:** Sempre o chamaban polo seu alias. Se te alías con el, sairás perdendo. **Caia/caía:** Procura que non che caia a auga. Cando caía o sol comezaba a refrescar.
13. (Ditongos en azul e hiatos en vermello) **Áureo:** áu-re-o. **BioloXía:** bio-lo-xí-a. **Mediodía:** me-dio-dí-a. **Beirarrúa:** bei-ra-rrú-a. **Confeitaría:** con-fei-ta-rí-a. **Autovía:** au-to-ví-a. **Peitear:** pei-te-ar. **Biografía:** bio-gra-fí-a.
14. Ditongos: rei, abaixo, cociñeiros, seu, seis, seis. Hiatos: vivían, morea, súa, raíña, súa, boas, ruíns.

#### 4. O acento diacrítico

- Oso, óso, bóla, cómpre, bola, présa, póla, vén nós.
- É. Máis, mais. Fora, fóra. Da, dá.
- Vés con nós e apúntaste ao taller dos mariñeiros? / Se vén antes do 15 de marzo: leve un libro e compre outro de regalo!
- Traballa con moita présa. Cómpre estudar máis. O bufo ouleaba na póla da árbore. O tren vén de Lugo.
- Cómpre/compre:** cómpre que compre varios produtos para gozar da oferta. **Fora/fóra:** cando chegastes el non estaba porque fora fóra para ver se chovía. **Ven/vén:** Desde a súa casa ven se vén o tren. **Ves/vés:** Ves como se vés con nós o pasas moi ben? **Por/pór:** Por pór moitas cousas na mesa, caeu todo.
- a) Pé, b) Pola, c) Dó, d) Presa.

### REGRAS DE PUNTUACIÓN

#### 5. O punto

- En Outeiro de Rei houbo un alcalde que se chamaba don Capitón porque tiña unha cabeza moi grande pero a súa cabeza estaba baleira. Don Capitón dicía que a cabeza non é para ter ideas nela, que as ideas non valen para nada. A cabeza só é útil para leva-la boina ou o sombreiro.  

Manuel María: *A tribo ten catro ríos*, Ediciones SM
- a) Na primeira oración quen está sobre un alto penedo é a aguiá, mentres que na segunda é a bióloga. b) Na primeira oración quen está sobre a alfombra da sala é o gato, mentres que na segunda é o meniño.
- Resposta tipo:* A profesora explicaba no encerado. O alumno escoitaba atento./A profesora explicaba. No encerado, o alumno escoitaba atento.
- Era un atardecer de primavera. A merla compoñía o cantarín poema nos redondos matos do xardín e as andoriñas peiteaban rastreiras os últimos cabelos de luz. A cerdeira nevaba incesantemente farrapiños brancos con mensaxes de coral e as espadas orgullosas dos lirios defendían o dondo e fráxil terciopelo. Nese intre máxico, cando as margaridas chiscan por última vez o olliño amarelo e o solpor derrama ouro nas galerías e nas fiestras, o Trasniño Verde abriu a súa ventá e debrozouse no beiril.

5. Querida avoa:

Espero que esteades moi ben. Nós chegamos onte á vila. A viaxe foi un pouco longa, pero fixemos unha parada nun monte e vimos cervos e pegadas de xabarís.

Pola noite ceamos na casa dos curmáns. Dille ao avó que teño listos os prismáticos para saír a pasear e que me ensine máis sobre os paxaros da zona.

Un bico, Estrela

Utilicei tres puntos e seguido. Detrás de *xabarís* e de *zona*. En dous parágrafos.

## 6. A coma

1. As comidas do día son: almorzo, xantar e cea. As estacións do ano son: primavera, verán, outono e inverno. Os días da semana son: luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado e domingo.
2. Estudamos varias materias: lingua, matemáticas, historia e inglés. Pedro, pásame o libro de matemáticas cando poidas. O 25 de xullo, festividade de Santiago Apóstolo, é o Día de Galicia. Anna, a miña veciña, é inglesa.
3.
  - A primeira oración é imperativa e a segunda é afirmativa.
  - Na primeira oración quen está pechado no garaxe é o gato, mentres que na segunda é o can.
  - Na primeira oración os mozos poden ser homes ou mulleres, mentres que na segunda os homes son todos mozos.
4. **Non quero máis:** Non, quero máis. **Laura trae os libros:** Laura, trae os libros. **Xoán irá no teu coche:** Xoán, irá no teu coche. **Mañá chega a miña irmá Clara:** Mañá chega a miña irmá, Clara.
5. *Resposta tipo:* Mónica xa chegou. Mónica, xa chegou.
6. Iamos pola fraga e viamos os seus carballos, faias, castiñeiros e bidueiros e, de súpeto, atopámonos con Gloria, a nai de Paula e Silvia, que viña coas nenas de buscar pola fraga cogomelos, landras e ourizos dos castiñeiros. Díxonos que se acercaba o luscofusco, é dicir, que logo escurecería e viría a noite. Decidimos volver con elas todos xuntos polos carreiros estreitos, húmidos, de follas secas e esvaradíos da fraga no outono.

## 7. Os dous puntos e o punto e coma

1. A concelleira anunciou: “Haberá unhas festas moi boas este ano”. O adestrador dixo: “Non podemos perder este partido”. O candidato asegurou: “Gañarei estas eleccións”.
2. Estaban todos: os pais, os primos e a tía. Querida tía: Iremos de vacacións en agosto. Póñame: peras, mazás e uvas. Iria díxonos: “Non chegedes tarde”.
3. Querido tío: Estou desexando verte. Hai que comer de todo: carne, peixe, verduras e froitas. Navia preguntounos: “Tedes algo que facer mañá?”.
4. Vai á aldea todas as fins de semana; porén, esta semana quedou na cidade. Agostiño onte merendou un bocadillo de xamón; eu, un de queixo con chourizo. Os avós veranean na montaña; nós, na praia; e os meus tíos, no estranxeiro.

5. *Resposta tipo:* Na froitaría merquei: laranxas, limóns e tomates; na peixaría: pescada, salmón e xoubas; e nos lácteos: iogures e queixo fresco. Apuramos moito para rematar á hora prevista; así e todo, non nos deu tempo.

## 8. Os signos de interrogación e de exclamación

1. Onde está o libro? Apetéceteche un flan? Veña, é tarde! Que fría esta a auga! Canto chove hoxe! En que viñeches?
2. Canto che custou ese libro? Por que non viñeches connosco? Cal é o teu libro? Cando chegarás? Que queredes comer? Apetéceteche vir?
3. a) Dez anos: Cantos anos levas vivindo aquí? b) Enriba da mesa: Onde puxeches as chaves? c) Pasámolo moi ben: Que tal o pasastes? d) O teu irmán chegou onte: Cando chegou o meu irmán? e) Fun con Paula á praia: Con quen fuches á praia?
4. Vai moita calor! Cando chegaremos? Vés? É imposible! Apagaches o forno? Chegas tarde! Como ocorreu? Alégrome de verte! Quen veu hoxe? Que ben o fixeches!
- 5.

	Interrogativa	Exclamativa
<b>Que</b>	Que me dixeches?	Que marabilla de lugar!
<b>Canto</b>	Canto tempo vas estar?	<i>Canto ruído!</i>
<b>Como</b>	Como che gusta a sopa?	Como recende a sopa!
<b>Quen</b>	Quen chama?	Quen me dera!

## REGRAS DE LETRAS

### 9. Palabras con *b*

1. Bipraza, bisneto, bibliotecario, bioloxía.
2. Horizontais: cambiar, colombiano. Verticais: pomba, lombo. O que teñen en común é que en todas as palabras o *b* vai despois de *m*.
3. **Escribente:** escribir, **vivenda:** vivir, **prohibición:** prohibir, **servizo;** servir, **vinda:** vir, **suba:** subir, **atribuíble:** atribuír, **supervivente:** sobrevivir, **contribución:** contribuír.
4. Escríbense coa letra *b* os verbos que rematan en *-bir*, agás *servir*, *vir* e *vivir*.
5. Branco, dobre, blusa, público, obrigar, brando, notable, cable.
6. Andaban, falaban, protestabades, xogaban.
7. Caber, saber, beber, lamber.
8. a) Abelá, b) Cebra, c) Bolboreta.
9. Árbore, cabelo, loba, sílaba.
10. Non lle gusta o ravo na ensalada. Ese pastel está estragado e xa ten balor. Nesta praia hai boas bagas. Só comeu tres bagos dese acio de uvas.
11. **Rebelar/revelar:** Ir en contra de alguén que ten algún tipo de autoridade. / Manifestar ou dar a coñecer algo que se sabía. **Novelo/nobelo:** Cría da vaca, polo xeral de dous a tres anos. / Bóla de fío enrolado. **Ben/ven:** O que resulta útil ou fai feliz. / Terceira persoa do

singular, do presente de indicativo do verbo ver. **Bou/vou**: Arte de pesca de arrastre. / Primeira persoa do singular do presente de indicativo do verbo ir. **Bate/vate**: pau utilizado no béisbol e noutros deportes para golpear a pelota. / Aquel que vaticina. **Basto/vasto**: Que non está moi elaborado, de pouca calidade. / Que ocupa moito espazo, que ten unha grande extensión.

Oracións: Os manifestantes rebeláronse contra as autoridades. / Por fin me revelou o seu segredo. Na casa dos meus avós hai dous novelos. / Preciso dous nobelos de la para facer o xersei. / Os meus pais sempre miran polo meu ben. / Non se ven as praias con tanta néboa. / Largaron o bou pola popa. / Vou a pé ao traballo todos os días. / Mercou un bate para xogar ao béisbol. / O vate predixo moitos anos de paz. / Esa chaqueta está feita cun tecido moi basto. / O río baixa atravesando unha vasta extensión de bosques.

## 10. Palabras con v

1. A letra que substitúen todos os boliches é o v.
2. Que dura pouco tempo: breve. Que ten unha longa vida: lonxevo. Que vai despois do sétimo: oitavo. De Iugoslavia: iugoslavo. Agradable ao tacto: suave. Que é máis do normal: excesivo.

Oracións: A súa estadía aquí foi breve. As tartarugas son animais lonxevos. Quedou en oitavo lugar. Este verán coñecín un rapaz iugoslavo. A pel dos bebés é moi suave. Paréceme que o prezo dese móbil é excesivo.

3. Estiveches, houbo, tivemos, vimos, vivían.
4. **Bebé**: baba, babeiro. **Vivir**: vivencia, vivenda. **Verbo**: verbal, verbalizar. **Breve**: brevidade, brevemente.
5. **Inverno**: invernal, internada. **Dividir**: divisible, división. **Vidro**: vidroso, vidreira. **Chuvia**: chuvioso, chuvia. **Avión**: aviación, aviador. **Verán**: veranear, veraneo. **Visitar**: visitar, visitante. **Servir**: servizo, servil. **Vivir**: vida, vivencia. **Vapor**: vaporizar, evaporable. **Nervio**: nervioso, nerviosismo. **Vaca**: vacada, vacariza. **Valer**: valencia, valía. **Veleno**: velenoso, envelenar.
6. Vicepresidente: persoa que exerce as funcións do presidente por ausencia ou impedimento deste. Vicecónsul: funcionario de grao inmediatamente inferior ao de cónsul.
7. Mover, conservar, conversar, observar, disolver, atrever, ferver, ver, reservar.
8. Avogado, escaravello, esvelto, verán.
9. **Vasoira/varrer**: Collín unha vasoira vella para varrer o patio. **Trevo/verza**: Atopei un trevo nunha verza. **Gravata/voda**: Estreei a gravata na voda do meu tío. **Vulto/vurullo**: O enorme vulto que había enriba do sofá era un vurullo de trapos. **Chuvasqueiro/chuvia**: Merquei un chuvasqueiro para poñer nos días de chuvia. **Fervido/remover**: Removín o leite unha vez que estaba fervido.
10. **Tromba**: escríbense coa letra *b* as palabras en que o *b* vai despois de *m*. **Bebida**: escríbense coa letra *b* todas as formas dos verbos *beber*, *cabere*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*, así como as palabras da súa familia. **Advertencia**: escríbese coa letra *v* en interior de palabra, despois de *b*, *d* e *n*. **Envío**: escríbese coa letra *v* en interior de palabra, despois de *b*, *d* e *n*. **Reserva**: escríbense coa letra *v* os verbos rematados en *-versar* e *-servar* e as palabras das súas familias. **Árabe**: escríbense coa letra *v* os adxectivos rematados en *-avo*, *-ava*, *-ave*, *-evo*, *-eva*, *-eve*, *-ivo* e *-iva*, agás *árabe*. **Breve**: escríbense coa letra *b* as palabras en que o *b* vai seguido doutra consoante. **Tiveches**: escríbense coa letra *v* todas as formas dos verbos *estar*, *ir*, *ter*, *servir*, *ver*, *vir* e *vivir* (agás as formas

rematas en *-aba, -abas...*).

11. Verniz, resolver. Conserva, conversa. Escribir, describir. Prever, verde. Vida, bienvenida.
12. **Verniz**: non segue ningunha regra. **Resolver**: escríbense coa letra *v* os verbos rematados en *-ver* (agás *beber, caber, deber, haber, saber, sorber, e lamber*) e as palabras das súas familias. **Conserva**: escríbense coa letra *v* os verbos rematados en *-versar* e *-servar* e as palabras das súas familias. **Conversa**: escríbense coa letra *v* os verbos rematados en *-versar* e *-servar* e as palabras das súas familias. **Escribir**: escríbense coa letra *b* os verbos que rematan en *-bir* e *-buír* (agás *servir, vir* e *vivir*) e os seus derivados. **Describir**: escríbense coa letra *b* os verbos que rematan en *-bir* e *-buír* (agás *servir, vir* e *vivir*) e os seus derivados. **Prever**: escríbense coa letra *v* os verbos rematados en *-ver* (agás *beber, caber, deber, haber, saber, sorber* e *lamber*) e as palabras das súas familias. **Verde**: non segue ningunha regra. **Vida**: escríbense coa letra *b* os verbos que rematan en *-bir* e *-buír* (agás *servir, vir* e *vivir*) e os seus derivados. **Bienvenida**: escríbense coa letra *b* os verbos que rematan en *-bir* e *-buír* (agás *servir, vir* e *vivir*) e os seus derivados.

### 11. Palabras con *h*

1. Habita, humedeces, herdou, hai.
2. Anhídrido: a gasosa contén anhídrido. Exhibición: esta tarde houbo unha exhibición deportiva no colexio. Exhaustivo: levou a cabo unha análise moi exhaustiva dos feitos.
3. Deshonesto, inhabilitar, incoherente, deshidratar.
4. Ai/hai/aí: Ai! Aí hai un rato! A/ah/ha: Ah! Pois si que ha de levar media hora de aquí a alí.
5. A vindeira semana visitaremos o menhir de Currás. Os ciclistas chegaron exhaustos á meta. As aldeas desta zona están practicamente deshabitadas. Moitos insectos teñen unha substancia adhesiva nas súas patas para camiñar polas paredes.
6. a) o - oh, b) eh - e, c) a - ah.

### 12. Familia de palabras con *h*

1. Hexágono, hidroavión, heptasílabo, hiperactiva, hemiciclo.
2. Heptasílabo, hiperactiva, hemiciclo, hexágono, hidroavión.
3. a) Horror. b) Humilde. c) Hortaliza. d) Hospital.
4. **Harmonía**: harmónica, harmonizar, inharmónico, harmonioso, filharmónica. **Heroe**: heroicidade, heroísmo, heroína, heroico. **Historia**: historieta, prehistoria, historiar, histórico, historial, historiador. **Herba**: herbario, herbal, herborista, herboso, herbívoro.
5. **Herdar**: herdeiro, herdanza. **Humano**: humanidade, inhumano. **Habitar**: habitable, habitante. **Horror**: horrible, horripilante. **Hidratar**: hidratación, hidratante. **Hábil**: habilidoso, habilidade.

### 13. Familia de palabras con *g, gu, gü*

1. **Ga, go, gu**: abrigo, agulla, gabián, gusto, achegar, perigo. **Gue, gui**: vigués, guiso, figueira, conseguir.
2. Mangueira, regar. Chegaremos, albergue. Guincho, enganchar. Garda, guitarra.
3. **Carne**: longaínza, peituga. **Peixe e marisco**: linguado, gamba, lagosta. **Lácteos**: manteiga, iogur. **Verdura e froita**: espárragos, cogombros, acelgas.
4. **Alimentos con g**: figo, mango. **Alimentos con gu**: longueirón, hamburguesa.



5. a) chega, b) cheguesdes, c) chegues, d) chego.
6. Algodón, falangueiro, augacento, agarimo, cargueiro, gaivota, pinga, trilingüe, guitarrista, alugueiro, unguento, aguacate, caranguexo, goteira, polígono, canguro, antigüidade, cogomelo, lingüista, gadoupa.
7. **Lingua:** lingüeta, linguaxe. **Piragua:** piragüista, piragüismo. **Minguar:** mingüe, minguo.
8. Lingüeta, piragüista, piragüismo, mingüe. Levan diérese para indicar que o *u* que vai antes de *e* e *i* se pronuncia.
9. Espiguiña, pulguiña, esparraguiño, laguiño, manguiña, labreguiña, galguiño, amiguiño, tartaruguiña, formiguiña, longuiño.
10. **Carga:** cargueiro. **Fogo:** fogueira. **Pexego:** pexegueiro. **Formiga:** formigueiro.
11. Gaita, trilingüe, antigüidade, guía.
12. Aprendín a tocar a gaita de pequeno. A miña curmá é trilingüe: fala galego, catalán e castelán. Ese moble é unha peza de antigüidade moi valiosa. Na excursión levabamos un guía.
13. Formiga, gato, guepardo, gorila.
14. Segundo día de campamento: a busca de vagalumes foi un fracaso. Catro aguerridos amigos e non fomos quen de logralo. Cando conseguimos por fin atopar algunha pista comezaron a caer as primeiras gotas de auga e por fin... bátega! Unha vez a resgado todos sentimos un pouco de vergonza: os insectos vencérannos.

#### 14. Palabras con x e con s

1. **Son ks:** éxito, aproximar, taxi, existencia, excepción, mixta, exquisito, excesivo. **Son x:** viaxe, abaixo, xeito, hoxe, laranxa, peixe, xenial, caixa.
2. No verán, iremos de **viaxe** a Asturias. Pasarémolo **xenial!** O biscoito de **laranxa** que fai o meu pai ten un **éxito** tremendo. A todo o mundo lle gusta! Non te debes de **aproximar** ao acantilado, que podes caer **abaixo**.
3. Excelente, **espectador**, **escaravello**, **exaxerado** / **esaxerado**, **exaltado**, **extraordinario**, **excesivo**, **estupendo**, **espectacular**, **exclamación**, **expulsar**, **escravo**, **esvelto**, **esbirro**, **existencia**.
4. **Extrasensible**, **estragnar**, **extravertido**, **estrado**, **extrafino**, **estratexia**, **estrañeza**, **estranxeiro**, **extraterrestre**, **extrapolar**, **extraer**, **estraño**, **extraordinaria**, **estrato**, **extraviar**.
5. *Extra* significa “fóra de” ou “moi”.
6. Asinar. Xunto. Xeo. Osa. Xeito. Xel. Xacer. Así. Xato. Mesa.
7. a) enxame. b) xirasol. c) xampú. d) xabaril.
8. **Exclamar:** exclamación, exclamativo. **Ceo:** celeste, celestial. **Existir:** existencia, coexistir. **Estraño:** estrañado, estrañeza. **Esaxerar:** esaxeración, esaxerado.

9. **Cidade:** Xinzo de Limia, Santiago de Compostela. **Animal:** xoaniña, serpe. **Planta:** xeranio, silva. **Peza de roupa:** xerse, saia. **Nome de persoa:** Xián, Sabela.
10. Todas teñen son xe porque están ao inicio de palabra.
11. *Salvaxe, xadrecista.* Atoparon un porco salvaxe preto da horta do meu veciño o que é xadrecista.
12. Non puidemos acender a fogueira porque os **mistos** estaban húmidos. O **esterno** é un óso plano situado no centro do peito. Á miña nai encántanlle as novelas de **espías**. A túa horta **estrema** co meu souto. Na praia á que fomos onte había moitísima **xente**.
13. **Extirpe:** presente de subxuntivo de extirpar. Ten que ir ao hospital a que o cirurxián lle extirpe as amígdalas. **Estirpe:** liña de antepasados dunha familia. Descubriron que a súa estirpe provén da nobreza. **Esperto:** participio do verbo espertar. Quedei unha hora máis esperto porque o libro era moi interesante. **Experto:** persoa que ten coñecementos técnicos sobre unha determinada materia. Consultaremos a un experto como facer isto porque nós non sabemos. **Asustar:** causar ou sentir medo. Vestíronse de pantasma para asustar os amigos. **Axustar:** colocar unha cousa respecto a outra de xeito que non queden ocos. Miña avoa tívome que axustar o vestido porque me quedaba moi frouxo. **Sesta:** Tempo que se destina a durmir ou descansar despois de comer. De pequeno sempre botaba unha sesta de 45 minutos. **Sexta:** posición número seis. Quedei en sexta posición na competición de atletismo. **Foso:** escavación longa na terra. No castelo que fomos visitar aínda se podía ver o foso. **Foxo:** cavidade pequena e arredondada que se fai na terra. Meu pai fixo un foxo na entrada do garaxe para que non entre a auga. **Suíza:** país. Muller natural de Suíza. Fomos a Suíza de viaxe porque temos familia emigrada alí. **Xuíza:** persoa encargada de administrar a xustiza e aplicar as leis. Miña tía é xuíza e traballa nun tribunal. **Liso:** Que non ten engurras nin desniveis, ou rizo. Gústalle levar o pelo sempre moi liso. **Lixo:** sucidade ou material que xa non serve. Limpa o teu cuarto que está cheo de lixo. **Testo:** recipiente cun burato furado no fondo que serve para cultivar plantas. Hoxe compramos un testo novo para plantar nel unha orquídea moi bonita. **Texto:** conxunto de enunciados que tratan o mesmo tema. Temos que escribir un pequeno texto sobre a contaminación. **Fuso:** instrumento xeralmente de madeira de forma arredondada e alongada que serve para fiar. De pequeno aprendín con meu avó a fiar o liño no fuso. **Fuxo:** presente do verbo fuxir. Cando meu irmán lanza a pelota eu sempre fuxo por se me cae enriba e me manco.
14. *Resposta tipo:* Na nosa vila estamos de festexo, mais iso non quere dicir que non sigamos publicando as noticias locais!  
 Onte sucedeu algo extraordinario, no torreiro onde se celebra a festa, a xente bailaba, falaba e se divertía coma sempre. Mais este ano algo distinto ocorreu! Comezaron a baixar desde o escenario da orquestra unha chea de personaxes do máis extravagante: un home vestido de paxaro de mil cores, unha muller acróbata que repartía flores, un robot tan cheo de globos que case sae voando... resultaron ser os membros da comisión de festas que querían dar unha sorpresa e o éxito foi impresionante. Unha excelente idea que de seguro se repite nos próximos anos.

## 15. Palabras con *i* e con *ll*

1. Bo-ia, a-llo, Ba-io-na, ro-lla, No-ia, pa-llei-ro, sa-ia, co-llei-ta, fe-rro-llo, a-ta-llo, cro-io, en-sa-io.
2. -ia. / -llo.
3. Tella: caeu unha tella do tellado do colexio. Agulla: colle unha agulla e fío branco para coser ese botón. Raia: sempre leva o pelo coa raia ao medio. Filla: a filla da miña tía é a

miña curmá. **Baralla**: regaleille ao meu avó unha baralla de naipes nova. **Maio**: en maio imos ir de excursión a Padrón. **Boia**: na praia puxeron unhas boias de cor amarela. **Pillo**: ese neno é moi pillo, sempre anda a facer trasnadas.

4. Antollo – capricho. Sacarrollas – abridor. Ensañar – experimentar. Desmaio – esvaemento. Abraiante – asombroso. Aconsellar – recomendar. **Escríbese con i**: ensaia, desmaio, abraiante. **Escríbese con ll**: antollo, sacarrollas, aconsellar.
5. a) cellas. b) pallaso. c) raia. d) boia.
6. **Caer**: caio, caíamos. **Callar**: callas, callamos. **Moer**: moíamos, moio. **Mollar**: mollo, mollamos.
7. Fai **falla** máis area para terminar o castelo. Ten conta do gato, non vaia ser que **caia** abaixo. Parabéns! Outro ditado sen **fallos**. Sabes facer saltar un **coio** na auga?
8. **Faia**: árbore de grande altura de folla caduca e madeira de cor moi clara. A madeira de faia é moi importante na carpintería. **Falla**: falta de algo. Fai falla ir á compra que se acabaron varias cousas. **Oio**: presente de indicativo de oír. Fala máis alto que non te oio. **Ollo**: órgano da vista. Metéuseme unha pestana no ollo e pícame moito. **Vaia**: presente de subxuntivo de ir. Cando vaia visitar os meus tíos levareilles tomates da nosa horta. **Valla**: presente de subxuntivo de valer. Cando me valla a roupa da miña irmá pedireilla prestada porque é moi bonita.

## 16. Palabras con -zo, -za

1. Servizo, angazo, chanzo, mantenza, trazo, perseveranza, garavanzo, danza, prezo, doenza, cabeza, xuízo.
2. Xustiza, preguiza, espazo, descalzo, pertenza, pazo.
3. Palloza > vivenda de pedra e cuberta de palla. Desprezo > falta de aprecio ou estima. Carazo > capa de xeo formada polo orballo conxelado. Graza > capacidade de divertir ou facer rir.

Temos unha palloza pequena para gardar as ferramentas. O desprezo é un sentimento moi feo. En inverno sempre se forma carazo no coche dos meus pais. Fanme moita graza as películas dese actor.

4. Xiana é unha **rapaza** moi simpática. Non andes **descalzo**, que vas coller frío nos pés. A oficina de correo está na **praza** da vila. Mauro ten moita **graza** cando conta chistes. Que rica estaba a mazá! Só deixei o **carozo**.
5. Limpar > limpeza. Cansar > cansazo. Reforzar > reforzo. Almorzar > almorzo. Presenciar > presenza. Lembrar > lembranza.

6. Crebar > crebadizo. Apegar > apegadizo. Abafar > abafadizo. Esquecer > esquecedizo. Encontrar > encontradizo. Correr > corredizo. Asustar > asustadizo. Enganar > enganadizo. Escorregar > escorregadizo.
7. Os astronautas viaxaron ao espazo nunha nave espacial moi moderna. O poder xudicial encargase de aplicar as normas para que se cumpra coa xustiza. Diferenciar é saber distinguir a diferenza entre dúas ou máis cousas.

## 17. Palabras con **-cio, -cia**

1. O gato era un animal sagrado para os antigos **exipcios**. Nos momentos de **ocio**, gústame ler e escoitar música. As follas da **acacia** son como moediñas prateadas. A miña nai traballa nunha **axencia** de viaxes.
2. **Artificio**, **pericia**, **xentilicio**, **noticia**, **aprecio**, **propicio**, **silencio**, **aparencia**, **ciencia**, **sacrificio**, **precipicio**, **diplomacia**.
3. **-cia** / **-cio**.
4. a) **acio**. De sobremesa teremos cadanseu **acio** de uva branca. b) **aparencia**. O meu tío Antón ten **aparencia** seria pero é todo o contrario. c) **noticia**. Hoxe na clase redactamos unha **noticia** sobre a inauguración dun museo. d) **palacio**. Na excursión de onte visitamos un **palacio** de hai douscentos anos.
5. **Comercio**: comerciante, comerciar. **Silencio**: silenciado, silencioso. **Socio**: sociedade, asociación. **Denuncia**: denunciante, denunciar.
6. Abundante > abundancia. Coherente > coherencia. Arrogante > arrogancia. Eficaz > eficacia. Audaz > audacia. Dependente > dependencia. Adherente > adherencia. Ausente > ausencia.
7. a) **ledicia**. b) **caricias**. c) **correspondencia**. d) **paciencia**.

## REGRAS DE PALABRAS

### 17. As maiúsculas

1. **Miño**. **A Coruña**. **Día das Letras Galegas**.
2. **Querida**. **O**. **Reencontreime**. **A**. **Ao**.
3. **Iago** e **Freire**: escríbense con maiúscula os nome e apelidos das persoas, e os nomes de animais. **Entroido** e **Xunta de Galicia**: escríbense con maiúscula os nomes e adxectivos dos nomes de institucións e festas. **Douro** e **Xinzo de Limia**: escríbense con maiúscula os nomes de cidades, países e accidentes xeográficos.

4. **Ola Carme:**

O pasado **domingo**, penúltimo de **xullo**, regresei da viaxe que fixen cos meus pais polas catro **provincias galegas**. Na provincia de **Lugo** vimos o nacemento do **Miño**. Xa sabes que uns din que nace en **Fonmiñá** e outros en **Pedregal**: ambos os lugares están moi próximos. Fomos á **Coruña** e vin o edificio da **Real Academia Galega**, onde fan as regras da nosa ortografía, que tanto preocupa ao noso **mestre**, don **Antón**. Levamos connosco a cadeliña **Lúa**.

5. Fomos á festa da Arribada, en Baiona. Os tíos de Sabela son os donos da Asociación Galega de Xogos de Recreo. A miña gata Duna naceu en Ribadeo.

### 18. As contraccións do artigo

1. Nas, dunha, á, nunhas, coa, cunha, ao, dos.
2. Fixen a torta cunha mazá e catro plátanos. Teño moita gana de ir pasear á praia. Eses xoguetes son dos meus curmáns. Pasámolo moi ben nas dunas de Corrubedo.
3. Nos, ao, da. Cunha, na.
4. Cos, pola, no, ás, ao, pola, dos, nas, cuns.
5. Un mensaxeiro entregou un paquete **ao** detective Folgoso **cun** amplo sorriso **nos** labios. Parecía que ía comezar outro **dos** casos **cos** que se fixera famoso o detective, Folgoso empezou a desenvolver o papel **do** paquete **pola** parte superior. Os compañeiros miraban cara a el **cunha** curiosidade que non ocultaban. Canto misterio!

### 19. Xuntas ou separadas I

1. Apresuradamente > á presa. Adrede > á mantenta. Derredor > ao redor. Puntualmente > a tempo.
2. a) á parte. b) en fronte. c) a carón. d) de balde.
3. Á présa > rapidamente. Ao redor > arredor. Se cadra > quizais. De certo > abofé. De repente > repentinamente. En balde > inutilmente.
4. **Por sorpresa:** de socate, de golpe. **Case:** deica pouco, a pouco máis. **Tarde:** a deshora, a destempo. **Con présa:** ás carreiras, a correr, a escape. **Sen planificar:** ás baroutas, ao azar, ao chou.
5. Tamén. Dabondo. Entón.

## 20. Xuntas ou separadas II

1. **Por que** non lle preguntas o **porqué** do seu enfado. **Porque** xa sei perfectamente **por que** está enfadado.
2. Sabes por que ía chegar tarde Helena? Porque a min non mo dixo. Non sei por que non explica o porqué das cousas. Debemos marchar porque se non non chegaremos a tempo de escoitar o porqué da súa ausencia.
3. **Se non** encontro o traxe de baño, quedo sen bañar. **Se non** aforras non poderás comprar os patíns. Meu gato non rompeu a cunca, **senón** teu can. **Se non** funciona a impresora, envíocho por correo.
4. Se dis a verdade, todo o que digan os **demais** está de **máis**.
5. Fixo **tan pouco** ruído que non o vin. Vaia! Eu **tampouco**.

## 21. Familia de palabras irregulares

1. **Lúa:** luar, aluaxe, lunario, lueiro. **Dor:** doído, doloroso, doenza. **Cor:** bicolor, colorado, corar, colorista.
2. Aluaxe. Colorantes. Colorista. Luar.
3. Volume: vén de voz. Disperso: vén de dispersar. Vixente: vén de vigor.
4. Segredos. Luar. Serea. Lunar. Xeneral. Secreta. Soño.
5. Segredos. Incolora. Secretas. Luar. Cor. Soños.

## AVALIACIÓN

### Avaliación

1. **Agudas> sen acento gráfico:** mes, aplaudiu, anterior, control. **Con acento gráfico:** bebé, cachón. **Graves> sen acento gráfico:** audacia, unicamente. **Con acento gráfico:** mísil, saída, asubío, beirarrúa. **Esdrúxulas:** poético, náutico, dixéronmo.
2. Fútbol: porque é grave e remata en vogal distinta de *-n* ou *-s*. Fóra: para diferencialo do pasado do verbo ser. Non: porque é un monosílabo. Vés: para diferenciala do presente do verbo ver. Caída: porque é un hiato formado por *i*.
3. Querido Roi:  
Estiven matinando no da festa e teño que dicirche: “sorpresa”!, está todo resolto: Antón levará os globos; ti podes enviar as invitacións e levar a túa guitarra; Anxa, que está en copia, pon a comida.

Aínda queda tempo; con todo, temos que bulir e como dixo o pirata: “vento en popa a toda vela”.

Bicos,

Mariña.

4. a) bisavó. b) egua. c) colorear. d) tellado.
5. Espacial > espazo. Carroceiro > carroza. Antigüidade > antigo. Financeira > finanza. Diferenciar > diferenza. Figueira > figo.
6. Xabier, anímate e **ven** connosco ver a obra de teatro: pasarémolo **ben! Ai!** Non sabes o que **hai aí**. Aconsélloche que collas mellor o **ravo** polo **rabo**, se non, váiseche estragar. O colibrí move **as** súas pequenas **ás** miles de veces por minuto.
7. Por que falas tan á présa?! Non sei o porqué. De socate entráronme as présas.